

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE VILAMARÍN PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA NA CASA DA CULTURA DE VILAMARÍN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Vilamarín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Vilamarín para realizar actuacións de mellora na Casa da Cultura de Vilamarín.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. O edificio destinado a Casa da cultura está situado na parroquia de Vilamarín e supón un punto de encontro dos veciños/as, lugar de reunión de asociacións e colectivos municipais na sala multiusos. O uso do edificio é un uso cultural, na súa pranta principal sitúase a biblioteca e aulas de música e de outras actividades lúdicas culturais, e na pranta soto sitúase o museo etnográfico municipal. Coa mellora das instalacións da Casa da Cultura poderase ofrecer unha programación cultural diversa e de calidade dirixida a toda a poboación.

Por todo o anterior, o concello de Vilamarín é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o



recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

